


# TALLER DE PRESENTACIÓN

*necesidades innovadoras*



# Código 100



**Nombre de la Asociación** FEGADACE (Federación Galega de Dano Cerebral)

## Ámbito de actuación

Constitúese en maio de 2007 polas cinco asociacións galegas de DCA (ADACECO na Coruña, ADACE en Lugo, Alento en Vigo, Renacer en Ourense e Sarela en Santiago). Persegue a defensa dos intereses e a mellora da calidade de vida dos galegos e galegas con DCA e dos seus familiares. Pretende sensibilizar á sociedade en xeral con respecto á dimensión desta discapacidade, implicar ás institucións e cantas iniciativas se dirixan a resolver os retos da rehabilitación, inclusión e normalización social do colectivo.

A Federación nace cos obxectivos de coordinar os esforzos das cinco asociacións galegas de dano cerebral, de canalizar as demandas do colectivo de persoas con DCA en Galicia perante a Administración e de aportar solucións que contribúan a normalizar a situación destas persoas na sociedade.



**Nº pacientes asociados** 5 asociacións de familiares de persoas con DCA que aglutinan a máis de 1,700 familias

## 2. NECESIDADES REALES YA SATISFECHAS



### ¿Cuál es tu día a día?

O labor de FEGADACE desenvólvese en función dos seus fins e obxectivos, artellando as seguintes liñas de traballo: Servizos (rehabilitación e recuperación funcional, información e asesoramento a familias, inclusión social e formación); Promoción de Actividades para a converxencia do movemento asociativo (destinadas a cada un dos colectivos); Investigación (proxectos promovidos pola Federación para obter máis e mellor información sobre o DCA); Comunicación (difusión das actividades de FEGADACE e as súas asociacións); Sensibilización (concienciación social sobre o DCA e a súa prevención), Incidencia Política (accións para exercer a representatividade e defender os dereitos do colectivo do DCA) e Fortalecemento Institucional

O labor das asociación está centrado na atención integral ás persoas e familias con DCA, co fin primeiro, principal e continuo de informar, asesorar e acompañar durante o proceso rehabilitador e logo na inclusión social, académica e laboral necesarias.

As necesidades detectadas seguen sen estar cubertas suficientemente por parte da administración. As familias teñen dereitos que non son satisfeitos, ou cuxo exercicio é dificultado, do mesmo xeito que as persoas directamente afectadas, que non poden acceder sistematicamente en tempo e forma necesarios a unha rehabilitación que melloraría a súa calidade de vida e a súa toma de decisións relacionada coa autonomía persoal.



### Guía para completar esta plantilla

¿En qué está trabajando la Asociación actualmente?; ¿Qué necesidades existían previamente que ya hayan sido resueltas?; ¿Cómo fueron detectadas?; ¿Cómo se han satisfecho?



## ¿Cómo podría mejorar?

**Accesibilidade da información.-** As persoas con DCA, polos seus déficits cognitivos e/ou sensoriais precisan adaptacións para acceder á internet, A do seu interese. Exemplo: a páxina da Consellaría e do Sergas deberían ser totalmente accesibles para as persoas con discapacidade, e adaptadas ó seu tipo de uso.

Beneficios: garantir o dereito de igualdade de oportunidades e o dereito á accesibilidade.

**Dereito á información asistencial.-** As familias das persoas con DCA e a propia persoa afectada teñen dereito a coñecer, trala diagnose, tratamento hospitalaria, as pautas de rehabilitación e recuperación funcional que deberían seguir, así como os recursos que neste sentido teñen a disposición, coñecendo as alternativas ás que poden acudir tanto públicas como privadas, os requisitos e mecanismos de acceso a estes recursos, as pautas de coidado no fogar, a recibir, aquelas persoas que serán as coidadoras principais, a formación adecuada para a atención en domicilio e os recursos sociosanitarios a disposición complementarios para garantir o seu coidado e benestar.

Beneficios: garantir o dereito á información asistencial, e garantir unha toma de decisións acorde ás posibilidade e oportunidades de recuperación reais. Reducir o custo sanitario asociado á discapacidade crónica e optimizar a toma de decisións relativa á dotación de recursos sanitarios.


**Promoción dunha política de prevención.-** Beneficios: reducir o número de persoas con DCA en Galicia, estimadas en 35,000.



## Guía para completar esta plantilla

¿Qué necesidad/es tiene la Asociación que pueda/n ser satisfecha/s por el “Plan de Innovación Sanitaria Código100”?; ¿Por qué es interesante solucionar esta necesidad? (Principales razones); ¿Qué beneficios aporta la solución de la necesidad? (Especificar qué y a quién)

## 4. ¿QUÉ TIPO DE TECNOLOGÍA CREES QUE SOLUCIONARÍA LA NECESIDAD?



¿Qué tipo de tecnología y uso de la misma consideras que puede solucionar tu necesidad?

**Accesibilidade da información.-** Adaptar as web e App promovidas por Código 1000, especialmente:  
O acceso e uso de queixas/ reclamacións a atención ó paciente.  
O acceso e uso con certificado dixital para o rexistro do documento de vontades anticipadas.

**Dereito á información asistencial.-**

- 1) Garantir que a figura de responsable clínico ou “responsable de caso” , como interlocutor único Coa familia aglutine toda a información relativa á persoa con DCA, para poder trasladar á familia. Este contacto podería artellarse Na plataforma e-saude vía sistema de preguntas/ respostas por correo electrónico, complementando o total de información da historia clínica, e a información volcada polo servizo de traballo social.
- 2) Lanzamento dunha App como mapa de recursos dispoñibles de atención ó DCA en tódalas súas fases.

**Promoción dunha política de prevención.-** Lanzamento dunha App que dea ideas de receitas rápidas, económicas e doadas de preparar a familias que teñen pouco tempo para facer a compra e cociñar, evitando así que caian na escolla de pratos precociñados Etc. Estrutura:RECEITAS + LISTA DA COMPRA + INFORMACIÓN NUTRICIONAL + CONSELLOS PREVENCIÓN DCA



### Guía para completar esta plantilla

Resultados finales deseados (qué se desea que proporcione la tecnología); Características de **Usabilidad** (cómo se debe generar, mostrar y circular la información) y **Accesibilidad** (que sea accesible a los profesionales de la Asociación, profesionales del SERGAS, pacientes, familiares, etc.); **Conectividad** (capacidad de conexión a Internet, a una plataforma interna de la Asociación, etc.); etc.